



Concello de Cangas

## **"DEPO AVENTURA A LANZADA 2017"**

Cangas, 13/03/2017

A Oficina Municipal de Información Xuvenil de Cangas informa que a Deputación de Pontevedra abre o prazo para inscribirse nos Campamentos de Verán subvencionados, "Depo Aventura A Lanzada 2017", con 2.200 prazas con aloxamento e pensión completa para nenos e nenas de 8 a 13 anos, que se desenvolverá do 25 de xuño ao 9 de setembro.

As persoas participantes gozarán no Centro de Vacacións de A Lanzada dunha ampla programación de actividades de tempo libre, moitas destas en inglés para impulsar a inmersión lingüística deste idioma.

Terán xogos e deportes, actividades na praia, aire libre, natureza e medio ambiente, actividades artísticas, teatro e contacontos, bailes e outras actividades culturais.

### **Quendas, datas e prezos**

As familias so terán que pagar 100 euros por quenda de campamento, xa que a Deputación subvenciona 1900 prazas ao 50%.

Os membros de familia numerosa coa correspondente acreditación terán un desconto do 20 % no prezo, abonando 80 euros.

Os campamentos distribúense en 11 quendas de domingo a sábado entre o 25 de xuño e o 9 de setembro de 2017, distribuídas nas seguintes datas:

- 1º quenda: do 25 de xuño ao 1 de xullo.
- 2º quenda: do 2 ao 8 de xullo.
- 3º quenda: do 9 ao 15 de xullo.
- 4º quenda: do 16 ao 22 de xullo.
- 5º quenda: do 23 ao 29 de xullo.
- 6º quenda: do 30 de xullo ao 5 de agosto.
- 7º quenda: do 6 ao 12 de agosto.
- 8º quenda: do 13 ao 19 de agosto.
- 9º quenda: do 20 ao 26 de agosto.



## Concello de Cangas

- 10º quenda: do 27 de agosto ao 2 de setembro.
- 11º quenda: do 3 ao 9 de setembro.

### **Persoas destinatarias e solicitudes**

Poderán acudir a "Depo Aventura A Lanzada" os nenos e nenas residentes nos Concellos da provincia de Pontevedra nados entre os anos 2004 e 2009.

As 300 prazas restantes destinaranse a nenos e nenas en risco de exclusión social e estarán subvencionadas ao 100%.

As persoas interesadas poderán solicitar a participación nestes campamentos nun prazo de 20 días naturais desde o día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial de Pontevedra.

A adxudicación das prazas farase por sorteo coas seguintes características:

- Asignaranse 100 prazas para nenos e 100 para nenas por quenda.
- Reservaranse 30 prazas para nenos e nenas do Centro Príncipe Felipe.
- Terán prioridade as persoas solicitantes que non asistisen o ano pasado.
- Cando un menor obteña a praza e teña irmáns, estes tamén obterán praza na mesma quenda aínda que fosen o ano pasado

Para máis información poden dirixirse á Casa da Xuventude de Cangas. Tlf. 986 392 171.

*Gabinete de comunicación*